



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E O CONCELLO DE ARES NO MARCO DO DISPOSTO NA DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA DO DECRETO 168/2008, DO 24 DE XULLO, POLO QUE SE REGULAN AS AGRUPACIÓNS DAS SECRETARÍAS DE XULGADOS DE PAZ.**

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

**REUNIDOS**

Dunha parte, **Diego Calvo Pouso**, conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia en virtude do Decreto 44/2024, de 14 de abril, que recolle o seu nomeamento, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

Doutra parte, **Julio Ignacio Iglesias Redondo**, Alcalde Presidente do Concello de Ares, en representación do mesmo conforme ao disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Ambos interveñen en función dos seus respectivos cargos e en exercicio das facultades que para subscribir convenios en nome das entidades que representan teñen conferidas, e recoñécense mutua e respectiva competencia e capacidade suficiente para formalizar o presente convenio de colaboración; xa que logo,

**EXPOÑEN**

**PRIMEIRO.-** A través do Real decreto 2397/1996, do 22 de novembro (BOE do 17 de decembro de 1996), traspasáronse á Comunidade Autónoma de Galicia as funcións e os servizos que dentro do territorio de Galicia desempeñaba a Administración do Estado sobre revisión e aprobación das agrupacións das secretarías de xulgados de paz, fixación do seu cadro de persoal e adscrición, se é o caso, de funcionarios dos corpos ao servizo da Administración de Xustiza, aos xulgados de localidades de máis de 7.000 habitantes e aos que pola carga de traballo se considere xustificadas.

**SEGUNDO.-** Froito do exercicio da anterior competencia é o Decreto 168/2008, do 24 de xullo, polo que se regulan as agrupacións de secretarías de xulgados de paz (*DOG do 12 de agosto de 2008*) que, na súa disposición transitoria primeira, establece que en tanto non se revoguen ou deixen sen efecto polos Concellos ou a consellería competente, respectivamente, as designacións de persoal idóneo das secretarías dos xulgados de paz, este persoal deberá colaborar nas funcións propias das secretarías, para o cal no seu apartado segundo senta as bases para dignificar as condicións de traballo deste colectivo que, sen relación laboral coas administracións públicas, e ao abeiro do artigo 50.3 da Lei 38/1988, do 28 de decembro, de demarcación e planta xudicial, está a desempeñar, por un tempo superior aos cinco anos, as funcións nas secretarías de xulgados de paz en localidades de menos de sete mil habitantes.



Neste senso, para garantir a colaboración do persoal idóneo nas funcións propias das secretarías de paz en dignas condicións de emprego, o devandito Decreto prevé a formalización de convenios de colaboración entre a Xunta de Galicia e as administracións locais para fomentar a contratación deste persoal por parte das administracións locais competentes, coas limitacións previstas na referida disposición.

De conformidade con canto antecede, ambas as partes acordan subscribir o presente convenio de colaboración, que se rexerá polas seguintes

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA.- OBXECTO

O presente convenio, de conformidade coa disposición transitoria primeira do Decreto 168/2008, do 24 de xullo, ten por obxecto instrumentar a colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello de Ares para o financiamento da contratación laboral por parte deste, do persoal idóneo designado para o desempeño da secretaría do xulgado de paz do Concello, sempre e cando o veña realizando sen relación laboral coas administracións públicas e acredite un tempo de desempeño superior aos cinco anos dende a entrada en vigor do devandito decreto.

### SEGUNDA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

Con carácter xeral e de acordo co establecido no artigo 29.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, xeral de subvencións, considerarase gastos subvencionables aqueles que, de xeito indubidable, responderen á natureza da actividade subvencionada e se realicen dentro do período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 1 de decembro de 2025.

### TERCEIRA.- CAPACIDADE

Previamente á formalización do presente convenio, o Concello de Ares presentou ante a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes a declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, xeral de subvencións e que poidan impedir a subscripción do presente convenio.

### CUARTA.- OBRIGAS DO CONCELLO

Segundo o disposto no artigo 14 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Ares procederá á contratación laboral do persoal idóneo designado para o desempeño da secretaría do xulgado de paz, nos termos establecidos na cláusula primeira, obrigándose tamén a poñer á disposición da secretaría do xulgado de paz un local axeitado cos medios necesarios para a realización das actividades que son propias do xulgado de paz.

O Concello de Ares deberá cumprir coa totalidade das obrigas contidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Procederá o reintegro parcial ou total dos fondos percibidos no





suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión, nos termos previstos no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Ao abeiro do disposto no artigo 14.1.n) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os criterios de gradación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade a minorar serán os seguintes:

- a) O incumprimento total dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, de ser o caso, ao reintegro da totalidade da axuda concedida.
- b) Calquera outro incumprimento parcial dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización parcial do investimento subvencionable ou da obrigación de xustificación considerárase incumprimento parcial e dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, de ser o caso, á perda do dereito ao cobro na porcentaxe correspondente ao investimento non efectuado ou non xustificable.
- c) A realización de modificacións non autorizadas no orzamento subvencionable suporá a perda do dereito ao cobro.

O incumprimento das obrigas e compromisos por parte de cada unha das partas asinantes poderá determinar a resolución do presente convenio de colaboración, e a entidade incumpridora asumirá, de ser o caso, os danos acreditados que deriven daquel. De non acadarse acordo expreso entre as partes para o seu cálculo e abono, estarase aos criterios establecidos no artigo 34 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Ademais, o Concello de Ares deberá ter cumprido o deber de remisión das contas xerais de cada exercicio económico ao Consello de Contas, de acordo co establecido no artigo 4 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

É obriga do Concello facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

#### **QUINTA.- ORZAMENTO E OBRIGAS DA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

Co fin de fomentar a contratación do persoal idóneo como administrativo ou no seu defecto, auxiliar administrativo por parte do Concello, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (a través da Dirección Xeral de Xustiza) financiará ao Concello de Ares os gastos subvencionables sinalados na cláusula segunda, ata un máximo de dez mil cincocentos euros (10.500,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 05.03.131A.461.1 do proxecto de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

#### **SEXTA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.**

Para proceder ao pagamento, o Concello de Ares presentará a seguinte documentación xustificativa:





- Certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para o que foi concedida a subvención, de acordo co establecido no artigo 28.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (modelo Anexo I).
- Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes así como dos entes privados (modelo Anexo II).
- Declaración do cumprimento do artigo 10.2 e 10.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia (modelo Anexo III).
- Copias cotexadas do contrato do persoal contratado ao abeiro da cláusula primeira do presente convenio.
- Calquera outra documentación ou material que o beneficiario considere necesario presentar para unha mellor xustificación das actuacións obxecto do presente convenio.

A xustificación comprenderá os gastos de accións realizadas e pagadas entre o 1 de xaneiro de 2025 e o 1 de decembro de 2025 e deberá presentarse na Dirección Xeral de Xustiza con data límite o 10 de decembro de 2025.

O libramento do pagamento requirirá certificado que acredite o correcto desenvolvemento das actuacións realizadas expedido pola Dirección Xeral de Xustiza.

Estas axudas serán compatibles con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, de maneira que, en ningún caso, o seu importe sexa de tal contía que, illadamente ou en concorrencia, supere o custo da actividade subvencionada.

En todo caso, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa realización das actuacións obxecto do presente convenio, e calquera outra que estime oportuna para a correcta xustificación do gasto e o seu pagamento.

#### **SÉTIMA.- DEVOLUCIÓN VOLUNTARIA DA SUBVENCIÓN.**

De acordo co establecido no artigo 64 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, o Concello de Ares poderá realizar, sen o requirimento previo da Administración, a devolución total ou parcial da subvención pagada, mediante o seu ingreso na correspondente conta da Tesourería da Comunidade Autónoma de Galicia, en concepto de devolución voluntaria da subvención.

En todo caso, o beneficiario deberá presentar ante a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a copia xustificativa da devolución voluntaria realizada, na cal consten a data do ingreso, o seu importe e o número de expediente e denominación da subvención concedida.





## OITAVA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para facilitar o seguimento do presente convenio, constituirase unha Comisión Mixta, integrada por representantes de cada unha das partes asinantes.

A Comisión Mixta ditará as súas propias normas de funcionamento, debéndose reunir cando o solicite algunha das partes.

As súas funcións serán:

- A interpretación do convenio.
- A intervención previa á resolución por incumprimento.
- O estudo das modificacións do convenio propostas polas partes, as cales se formalizarán a través das correspondentes addendas.
- Calquera outra relacionada co desenvolvemento do presente convenio.

## NOVENA.- VIXENCIA

O prazo de vixencia do presente convenio será desde o 1 de xaneiro de 2025 ata o 31 de decembro de 2025. Non obstante, as partes poderán acordar a renovación a través de novos convenios de carácter anual.

## DÉCIMA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Son causas de resolución do presente convenio:

- a) O incumprimento inxustificado, total ou parcial, dos compromisos obrigatorios segundo as súas cláusulas por algunha das partes.
- b) Por mutuo acordo, que deberá ser motivado e manifestado por escrito antes da súa finalización.

## DÉCIMO PRIMEIRA.- PUBLICIDADE E CONFIDENCIALIDADE

Este convenio será obxecto de publicación, de acordo co previsto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Administración pública galega. Así mesmo, incluírase no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios, de conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e mais co artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicarase a subscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.





As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal de transparencia e Goberno aberto.

As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), e coas demais disposicións vixentes sobre a materia.

Igualmente comprométense a observar o establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no que se refire ao acceso limitado aos propios interesados en relación cos documentos que conteñan datos referentes á intimidade das persoas.

## **DÉCIMO SEGUNDA.- NATUREZA E INTERPRETACIÓN**

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerese polas cláusulas establecidas nel, quedando fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 de dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

Tendo en conta a natureza xurídico-administrativa deste convenio, as cuestións litixiosas que puideran derivarse da súa execución serán sometidas á xurisdición contencioso-administrativa.

## **DÉCIMO TERCEIRA.- NORMATIVA APLICABLE**

O presente convenio de colaboración rexerese por:

- A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Normativa básica da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da devandita Lei.
- Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan as especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.
- Acordo adoptado polo consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 27 de marzo de 1991 e feito público mediante Resolución da Consellería de Economía e Facenda de data 8 de abril de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.
- A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno nos seus artigos 15 e 17.
- Decreto 168/2008, do 24 de xullo, polo que se regulan as agrupacións de secretarías de xulgados de paz.



Santiago de Compostela, na data da sinatura

O CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES

O ALCALDE-PRESIDENTE DO  
CONCELLO DE ARES

Diego Calvo Pouso

Julio Ignacio Iglesias Redondo





## ANEXO I

-----, Secretario-Interventor do Concello de Ares

### CERTIFICO:

- Que en cumprimento do establecido no Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello de Ares, no marco do disposto na disposición transitoria primeira do Decreto 168/2008, do 24 de xullo, polo que se regulan as agrupacións de secretarías de Xulgados de Paz, de data -----, o Concello de Ares procedeu á contratación de D.-----, dende o \_\_\_ de ----- de 2025 ata o \_\_\_ de ----- de 2025.
- Que o custo total da devandita contratación no presente ano 2025 ascende a ----- euros, co seguinte desglose:
  - Salario líquido: ----- euros.
  - Retención IRPF: ----- euros.
  - Seguridade social (achega do traballador): ----- euros.
  - Seguridade social (achega correspondente ao Concello): ----- euros.
- Que o importe correspondente á retribución de D. ----- foi contabilizada e pagada.

E para que así conste ante a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, co fin de acreditar a xustificación do mencionado convenio, expido a presente certificación, en -----, a \_\_\_ de ----- de -----.

Visto e Prace  
O Alcalde





## ANEXO II

D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, Alcalde-Presidente do Concello de Ares

### DECLARA:

Que en relación co convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e este Concello con data \_\_\_\_\_, no marco do disposto na disposición transitoria primeira do Decreto 168/2008, do 24 de xullo, polo que se regulan as agrupacións das secretarías de xulgados de paz, polo que se lle concede a este Concello unha subvención de 10.500,00€ para a contratación laboral para o ano 2025 do persoal idóneo designado para o desempeño da secretaría do xulgado de paz, este Concello:

- Non solicitou nin lle foi concedida ningunha outra axuda ou subvención para o mesmo fin.
- Solicitou a subvención (identifíquese o nome da subvención ou convenio) e lle foi concedida polo importe de ..... euros.

E para que así conste, segundo o sinalado na cláusula sexta do devandito convenio, asino esta declaración en ....., a ..... de ..... de 2025.





### ANEXO III

Don Julio Ignacio Iglesias Redondo, con NIF nº ....., Alcalde do Concello de Ares

#### DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE

Que a entidade á que represento, beneficiaria dunha subvención ao abeiro do Convenio entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello de **Ares**, no marco do disposto na disposición transitoria primeira do Decreto 168/2008, do 24 de xullo, polo que se regulan as agrupacións de secretarías de xulgados de paz, **non está incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 10.2<sup>1</sup> e o 10.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.**

E para que así conste, asino esta declaración.

En ....., a ..... de ..... de .....

1) Inclúe "e) Non acharse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social ou ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma" e "g) non acharse ao corrente de pagamento de obrigas por reintegro de subvencións"

